



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 23 DE NOVEMBRO DO 2017.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Víctor Reiriz Lampón D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D^a María Esther Patiño Rey	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e cincuenta minutos do día vinte e tres de novembro do dous mil dezasete, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 16 de novembro de 2017.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 21/11/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2017 – 000046
Importe total	53.185,42 €
Número de facturas	53
1ª factura.	
Emisor (Cif)	32644005J
Importe	77,62 €
Última factura	
Emisor (Cif)	Q6550023C
Importe	5.293,04 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	22/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura e Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de equipamento de xogos e mobiliario para a Escola Infantil, co motivo da concesión de axuda ao Concello de Riveira para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 (E.I.M. de Riveira), cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020		
Nº orzamentos aportados	4	Provedores	- TANGRAM MATERIALES Y JUEGOS DIDÁCTICOS, S.L. - OS NENOS, S.L. - ESPACIO INFANTIL - ADRADA.ES	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	TANGRAM MATERIALES Y JUEGOS DIDÁCTICOS, S.L.			
NIF/CIF:	B36864510			
Importe (IVE Incluído):	3.877,93 €			
Observacións:				

Nº Proposta		2	Data	22/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura e Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de dotación e instalación informática para a Escola Infantil, co motivo da concesión de axuda ao Concello de Riveira para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 (E.I.M. de Riveira), cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020		
Nº orzamentos	1	Provedores	INNOVE, S.C.	



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

aportados				
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		INNOVE, S.C.		
NIF/CIF:		J70185228		
Importe (IVE Incluído):		7.591,00 €		
Observacións:				

Nº Proposta	3	Data	22/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura e Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de dotación cociña industrial para a Escola Infantil, co motivo da concesión de axuda ao Concello de Riveira para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 (E.I.M. de Riveira), cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ROIG PROFESIONAL, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ROIG PROFESIONAL, S.L.		
NIF/CIF:	B70508536		
Importe (IVE Incluído):	14.157,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta		4	Data	20/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 26 diplomas personalizados e 2 pracas como agasallo, en agradecemento á labor pública que ven desempeñando o Corpo da Policía Infantil		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	DOSTEX, S.L.			
NIF/CIF:	B15944002			
Importe (IVE Incluído):	110,96 €			
Observacións:				

Nº Proposta		5	Data	20/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 30 cámaras Komir como agasallo, en agradecemento á labor pública que ven desempeñando o Corpo da Policía Infantil		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DOSTEX, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Denominación:	DOSTEX, S.L.	
NIF/CIF:	B15944002	
Importe (IVE Incluído):	1.122,40 €	
Observacións:		

Nº Proposta		6	Data	20/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de cea para 75 comensais, en agradecemento á labor pública que ven desempeñando o Corpo da Policía Infantil		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EL XARDÍN DE PEDRO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	EL XARDÍN DE PEDRO, S.L.			
NIF/CIF:	B70526645			
Importe (IVE Incluído):	1.875,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta	7	Data	17/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de material de oficina para o Conservatorio Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (IVE Incluído):	920,38 €		
Observacións:			

Nº Proposta		8	Data	21/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de toner impresora HP Color Laserjet 2600 N (1 negro, 2 amarelo e 2 magenta) para o Conservatorio Municipal		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- INNOVE, S.C. - INITEL INFORMÁTICA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	INNOVE, S.C.			
NIF/CIF:	J70185228			
Importe (IVE Incluído):	495,01 €			
Observacións:				

Nº Proposta	9	Data	10/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración e instalación de 23 estores enrollables para o primeiro andar do Conservatorio Municipal	
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- MANUEL FERNANDO SILVALDE - J. IGNACIO UNDA BEITIA ROJO - RAQUEL GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MANUEL FERNANDO SILVALDE		
NIF/CIF:	33236298X		
Importe (IVE Incluído):	4.379,47 €		
Observacións:			

Nº Proposta		10	Data	20/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de traslado en autobús da Coral Polifónica de Riveira a Pontevedra (25/11/2017) e a A Estrada (16/12/2017) para participar en dous proxectos musicais		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.			
NIF/CIF:	B15020308			
Importe (IVE Incluído):	616,00 €			
Observacións/Anexo ao acordo:	A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda autorizar a celebración do intercambio cultural da Coral Polifónica Municipal de Riveira coa Coral de Pontevedra o 25/11/2017 e coa Coral de Berres-A Estrada o 16/12/2017			

Nº Proposta		11	Data	20/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de traslado en autobús ao Museo do Gravado de Artes dos alumnos que asisten ao curso sobre Lingua e Cultura Galega impartido polo S.N.L.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.			
NIF/CIF:	B15020308			
Importe (IVE Incluído):	132,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta	12	Data	20/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Traballos de poda de seguridade e poda con "Balona" de palmeiras situadas en terreos de titularidade municipal ou responsabilidade municipal, e posterior aplicación de tratamento		





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

		de profilaxe contra o picudo vermello en post-poda	
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- MIGUEL ÁNGEL JAMARDO FIGUEIRA - ARBOGAL 2007, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MIGUEL ÁNGEL JAMARDO FIGUEIRA		
NIF/CIF:	76968074T		
Importe (IVE Incluído):	2.299,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	13	Data	21/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 5000 sobres dos catro tamaños que habitualmente se utilizan no Concello (120x176, 110x220, 162x229 e 250x353)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (IVE Incluído):	1.280,44 €		
Observacións:			

Nº Proposta		14	Data	21/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Xuventude Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Celebración da conferencia “Aprende a educar” o día 02/12/2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ISMAGA ASESORÍA Y SERVICIOS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ISMAGA ASESORÍA Y SERVICIOS, S.L.			
NIF/CIF:	B99440992			
Importe (IVE Incluído):	1.815,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		15	Data	21/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Xuventude Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Autorización de gastos en concepto de imprevistos co motivo da celebración da conferencia “Aprende a educar” o día 02/12/2017		
Nº orzamentos aportados		Provedores		
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:				
NIF/CIF:				





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Importe:	250,00 €
Observacións/Anexo ao acordo:	A Xunta de Goberno local, por unanimidade dos presentes, acorda, autorizar a celebración da conferencia "Aprender a educar" o día 02/12/2017, no Auditorio Municipal de Riveira

Nº Proposta		16	Data	21/11/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Turismo Antonio Javier Jesús Freire Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Acometida eléctrica (instalación y recogida) para a pista de xeo que se instalará na Praza de España co motivo das Festas do Nadal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.	
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (21/11/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.			
NIF/CIF:	B99440992			
Importe (IVE Incluído):	3.833,82 €			
Observacións:	Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2018			

RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN (LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E MATERIAL DIDÁCTICO - COMEDOR ESCOLAR - TRANSPORTE) -CURSO 2017/2018

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther patiño Rey**, de data 21/11/2017, na que solicita a aprobación das modificacións nos listados provisionais e publicación dos listados definitivos das Axudas á Escolarización para o curso académico 2017-2018, segun a documentación que se achega coa citada proposta.

Vista a documentación que obra no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aprobar o listado definitivo de beneficiarios das axudas á escolarización (libros de texto, material escolar e material didáctico - comedor escolar - transporte) para o vindeiro curso 2017-2018.
- Que se proceda á publicación dos listados definitivos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e nas dependencias de Servizos Sociais.
- Aprobar a contía destinada ás citadas axudas segundo o seguinte desglose:

	Gasto
Libros de texto, material escolar e material didáctico	3.925,00 €
Axudas de comedor escolar	24.721,41 €
Axudas para transporte	600,00 €





ACORDO DE CORRECCIÓN DE ERROS NAS PROPOSTAS DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIAR PARA A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE RIVEIRA DURANTE O PERÍDO XULLO- OUTUBRO DO ANO 2017

Visto o **informe** (AMR nº 7/17) emitido polo Arquivreiro-Bibliotecario Municipal, José Antonio Otero Sobrido, relativo a “Erros nas propostas de contratación temporal de auxiliar para a Biblioteca Pública Municipal de Riveira durante o período xullo- outubro do ano 2017”, que a continuación se transcribe:

“AMR Nº 7/17:

INFORME

Asunto: Erros nas propostas de contratación temporal de auxiliar para a Biblioteca Pública Municipal de Riveira durante o período xullo- outubro do ano 2017.

Destinatario: Sr. Alcalde- Presidente do Concello e Departamento de Intervención do Concello de Riveira

Antecedentes: Por necesidades do servizo da Biblioteca Pública Municipal de Riveira en canto a ampliación de horario, vacacións do personal e atención á planificación dos convenios e proxectos coa Xunta de Galicia, propúxose e aprobouse a contratación temporal dun axudante a través de unha empresa de traballo temporal.

Á hora de facer as propostas á Xunta de Goberno Local fíxose un cálculo das horas e días seguindo o presuposto presentado pola única empresa de traballo temporal da comarca (“ADER”, con sede na Pobra do Caramiñal).

Ao rematar cada mes das distintas propostas realizadas, a empresa citada pasou ao cobro a factura correspondente segundo o parte de horas traballadas pola persoa contratada e asinado por esa mesma persoa e polo responsable do servizo.

O departamento de Intervención detectou “desfases” entre as propostas e as facturas; logo de comprobados os documentos citados acharonse os erros que se deberon ás seguintes causas:

1º) Nos meses de xullo e agosto o cálculo da proposta non tivo en conta os sábados pola mañá, que tamén abriu a Biblioteca e non se tivo en conta nun primeiro termo, xa que se adoptou a decisión de apertura os citados días da semana a última hora, días antes de comezar o mes.

2º) En xeral as propostas feitas, seguían o “guión” de presuposto por hora e multiplicado polo número de semanas dun mes, partindo de “1 MES= 4 semanas”, en lugar de ter en conta que hai meses cuxo número de días é superior ao citado número.

De estos erros é de onde sae o desfase que se pode desglosar así:

MESES DE XULLO- AGOSTO:

Total Autorizado= 294 horas


- Xullo: 140 horas
- Agosto: 154 horas
- Total realizado: 327 horas
- Xullo: 155 horas
- Agosto: 172 horas
- Exceso de horas realizado: 33 horas

MESES DE SETEMBRO- OUTUBRO

Total Autorizado= 312 horas

(39 horas semanais X 8 semanas)

Total realizado: 332 horas





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- Xullo: 168 horas
- Agosto: 164 horas

Exceso de horas realizado: 20 horas

Do anterior desglose desbótase un exceso total de 55 horas non previstas e sí realizadas debido aos erros explicados.

O presente informe faise para o Departamento de Intervención para o seu coñecemento para que se teña en conta que detectadas as horas efectivamente realizadas e non previstas han de ser abonadas con cargo á bolsa de vinculación existente no orzamento da Biblioteca Pública Municipal.

Riveira, a 14 de novembro de 2017

Arquiveiro- Bibliotecario
José Antonio Otero Sobrido

Concelleira- Delegada
Herminia Pouso Maneiro"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o pagamento do exceso total de 55 horas non previstas e sí realizadas debido aos erros explicados no citado informe, e según o seguinte desglose:

MESES DE XULLO- AGOSTO:

Total **autorizado**= 294 horas

- Xullo: 140 horas
- Agosto: 154 horas
- Total **realizado**: 327 horas
- Xullo: 155 horas
- Agosto: 172 horas

Exceso de horas realizado: 33 horas

MESES DE SETEMBRO- OUTUBRO

Total **autorizado**= 312 horas

- (39 horas semanais X 8 semanas)
- Total **realizado**: 332 horas
- Xullo: 168 horas
- Agosto: 164 horas

Exceso de horas realizado: 20 horas

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

1.- Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 20/11/2017, en relación co escrito presentado por **José Manuel Álvarez Pérez**, de data 20/11/2017 (Rexistro de entrada nº 18.298), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social e Xefa do Servizo, María Francisca Vidal Regueira, de data 20/11/2017.





Conceder a José Manuel Álvarez Pérez unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **500,00 €** (250,00 € + 250,00 €), para sufragar os gastos derivados do pago dun mes de aluguer e de fianza da vivenda onde reside (Pago a provedor según proposta).

2.- Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 21/11/2017, en relación co escrito presentado por **Diana María Seoane Lijó**, de data 16/11/2017 (Rexistro de entrada nº 18.226), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 21/11/2017.

Conceder a Diana María Seoane Lijó unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **172,66 €** (25,71 € + 27,83 € + 27,99 € + 91,13 €), para sufragar os gastos derivados do pago de catro recibos do subministro eléctrico.

III.- CONTRATACIÓN.

APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE REPARACIÓNS NA PLANTA BAIXA E NO SOTO DO MERCADO MUNICIPAL.

Coa posta en marcha do novo mercado a Xefatura da Consellería de Sanidade emitiu un informe no que requiren que se solucionen diversos problemas detectados que non estaban contemplados no proxecto do edificio, polo que é necesario arranxalo canto antes para que non se tramiten sancións e que o mercado poida funcionar con normalidade.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data setembro/2017, redactou un orzamento dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 24.537,48 euros (Base: 20.278,91 euros; IVE 21%: 4.258,57 euros), sendo o prazo de execución de 1,5 meses.

Consta no expediente:

- 1) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 02/11/2017, en relación co artigo 125 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.





- 2) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 02/11/2017, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 3) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 02/11/2017 (número de operación 2017 22019632), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 431A.62221.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	NIF	Registro		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	B-15.879.794	06/11/2017	17635	21.592,98 euros
Construcciones Anspal, S.L.	B-15.985.187	06/11/2017	17647	22.274,95 euros
Alberto Pérez Sampedro	52.934.180-W	13/11/2017	18018	23.716,00 euros
Acciona Construcción, S.A.	A-81.638.108	13/11/2017	18030	22.692,27 euros
Domínguez Arias e Hijos, S.L.	B-15.496.235	13/11/2017	18038	23.565,74 euros





Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 15/11/2017, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobado o orzamento redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data setembro/2017, para as obras de **Reparacións na planta baixa e no soto do Mercado Municipal**, cun prezo total de licitación de 24.537,48 euros (Base: 20.278,91 euros; IVE 21%: 4.258,57 euros).

SEGUNDO.- Aprobado o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobado o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 431A.62221.

CUARTO.- Adjudicar o contrato menor para a realización das obras de **Reparacións na planta baixa e no soto do Mercado Municipal** á empresa "Construcciones Jenaro Cadaval, S.L." (NIF B-15.879.794), no prezo total do contrato de 21.592,98 euros (Base: 17.845,44 euros; IVE 21%: 3.747,54 euros), segundo o seu orzamento da data 06/11/2017.

QUINTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 16/11/2017 **"Decreto: Aprobación do expediente de contratación do deseño e produción de carrozas para a Cabalgata de Reis de Riveira para os anos 2018 e 2019, con posibilidade de prórroga para 2020"**.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Hermanos Lijó, S.L.**, de data 09/11/2017 (Rexistro de entrada nº 17.905), no que solicita licenza de obras para instalación de nave frigorífica dentro de nave industrial existente sita nas Parcelas 11, 16, 17 e 18 do Polígono Industrial de Xarás, Riveira, con refª catastral nº 0236513NH0101N0001MW e 0236514NH0103N0001OW.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 10/11/2017, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 10/11/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade HERMANOS LIJÓ S.L., **LICENZA DE OBRAS (Nº 62/17)** para INSTALACIÓN DE NAVE FRIGORÍFICA sita nas Parcelas 11, 16, 17 e 18 do Polígono Industrial de Xarás, Riveira con refª catastral nº 0236513NH0101N0001MW e 0236514NH0103N0001OW nos termos do Proxecto de Execución visado polo C.O.E.T.I.COR de data 9 de novembro de 2017 redactado polo Sr.Ramón Romero Lojo enxeñeiro técnico industrial:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra e Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde co visado colexial.***

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*






CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

CUARTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Visto o escrito presentado por José Ramón Boo Pego actuando en nome e representación da **Comunidade de Propietarios Edificio de Fachadas Padre**





Sarmiento, de data 27/10/2017 (Rexistro de entrada nº 17.284), no que solicita licenza de obras para para construción de rampla de acceso a edificio de 2 metros de ancho con ocupación superficial de 1,50 m² de espazo público, sito na Rúa Abesadas nº 1,(CP-15960), Riveira, en parcela con refª catastral nº 0515201.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 30/10/2017, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/11/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO FACHADAS PADRE SARMIENTO, **AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA** no espazo inmediato á entrada ao edificio sito na Rúa Abesadas nº 1, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0515201, nos termos do Proxecto Técnico de mellora de accesibilidade de acceso peatonal a edificio de vivendas “Edificio Plaza” de outubro de 2017 redactado polo Sr. José Ramón Boo Pego, arquitecto técnico, (col. 2.600):

- *A ocupación da vía pública concédese por un prazo de 4 anos, prorrogable por períodos do mesmo tempo e previa petición do interesado, e sempre que se manteñan as condicións obxecto da mesma.*
- *A autorización poderá ser revogada unilateralmente polo Concello de Riveira en calquera momento por razón de interese público, sen xerar dereito de indemnización, e cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, ou produzan danos no dominio público, ou impidan a súa utilización para actividades de maior interese público, ou mesmo menoscaben o uso xeral.*
- *Igualmente, cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou sobreviviren circunstancias que de existir naquel momento, xustificarian a denegación. En ningún destes supostos, o interesado terá dereito a indemnización algunha por este concepto.*
- *En todos os casos, o adxudicatario está obrigado a suprimir a instalación á súa costa, abandonando e deixando libres e vacíos, a disposición do Concello e dentro do prazo que se lles fixe, os bens obxecto de utilización, recoñecendo a potestade deste Concello para acordar e executar o lanzamento.*

Segundo.- CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO FACHADAS PADRE SARMIENTO, **LICENZA DE OBRAS (Nº 63/17)** para **CONSTRUCCIÓN DE RAMPLA DE ACCESO DE 2,00 METROS DE ANCHO E 1,50 M² DE SUPERFICIE CONSTRUÍDA** no espazo inmediato á entrada edificio sito na Rúa Abesadas nº 1, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0515201, nos termos do Proxecto Técnico de mellora de accesibilidade de acceso peatonal a edificio de vivendas “Edificio Plaza” de outubro de 2017 redactado polo Sr. José Ramón Boo Pego, arquitecto técnico, (col. 2.600):





- *A rampla considerarase que forma parte dos elementos constructivos do acceso ao local que sirva, polo que as labores de conservación da rampla e o seu mantemento en estado de limpeza e decoro, así como calquera responsabilidade que poidese sobrevir pola existencia da mesma, correrá a cargo do solicitante.*
- *O incumprimento do anterior será causa de caducidade da autorización concedida.*

Terceiro.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Cuarto.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*





- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuita de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Quinto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





Oitavo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Noveno.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

3.- Visto o escrito presentado por **Hermosinda Gude Pego**, de data 31/10/2017 (Rexistro de entrada nº 17.426), no que achega Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 24 de outubro de 2017 redactado polo arquitecto Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451), Oficio de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación na data 30 de outubro de 2017, para engadir a expediente de licenza de obras nº 55/17.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 07/11/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/11/2017, por unanimidade dos presentes,
ACORDA:

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 55/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de outubro de 2017 á Sra. Hermosinda Gude Pego, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 24 de outubro de 2017 redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451), Oficio de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde visados polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación na data 30 de outubro de 2017.





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

4.- Visto o escrito presentado por **Óscar Cornejo Hilacondo**, de data 24/10/2017 (Rexistro de entrada nº 16.911), no que achega Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 23 de outubro de 2017 redactado por José A. Gómez Domínguez, (Arquitecto Col. nº 4.169), así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Aparelladores na data 23 de outubro de 2017, para engadir a expediente de licenza de obras nº 14/17.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 07/11/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/11/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 14/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 20 de abril de 2017 ao Sr. Oscar Cornejo Hilacondo, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 23 de outubro de 2017 redactados polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (Arquitecto Col. nº 4.169) así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 23 de outubro de 2017.

5.- Visto o escrito presentado por Ignacio Fuentes-Cantillana Isusi en representación de **Marta Roldán Pazos e Carlos Cosín Fernández**, de data 20/09/2017 (Rexistro de entrada nº 15.075), no que achega Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 7 de setembro de 2017 redactados polos arquitectos Sr. Rafael Muñoz Fernández de Unzué Col. Madrid nº 7.488, Sr. Ignacio Fuentes-Cantillana Isusi Col. Madrid nº 8.626, Sr. Antonio Rodrigo García Col. Madrid nº 9.078 así como así como Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, para engadir a expediente de licenza de obras nº 43/17.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 03/11/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 03/11/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 43/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 31 de agosto de 2017 a Sra. Marta Roldán Pazos e ao Sr. Carlos Cosín Fernández, consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 7 de setembro de 2017 redactados polos arquitectos Sr.





Rafael Muñoz Fernández de Unzúe Col. Madrid nº 7.488, Sr. Ignacio Fuentes-Cantillana Isusi Col. Madrid nº 8.626, Sr. Antonio Rodrigo García Col. Madrid nº 9.078 así como Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.

6.- Visto o escrito presentado por **Mercedes Neira Díaz**, de data 20/10/2017 (Rexistro de entrada nº 16.797), no que achega Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 10 de outubro de 2017 redactados polos redactado polo arquitecto Sr. Sergio Remacha Vecino, (arquitecto Col 4.269), para engadir a expediente de licenza de obras nº 39/17.


A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 26/10/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 07/11/2017, por unanimidade dos presentes,
ACORDA:

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 39/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de agosto de 2017 á Sra. Mercedes Neira Díaz, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 10 de outubro de 2017 redactados polos redactado polo arquitecto Sr. Sergio Remacha Vecino, (arquitecto Col 4.269):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

7.- Visto o escrito presentado por Manuel Peleteiro Bandín en representación de **Mercedes Domínguez Martínez**, de data 26/10/2017 (Rexistro de entrada nº 17.172), no que achega Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 2 de outubro de 2012 redactado por Manuel Peleteiro Bandín, para engadir a expediente de licenza de obras nº 275/12.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 09/11/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 10/11/2017, por unanimidade dos presentes,
ACORDA:





PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da nº 275/12, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 20 de setembro de 2012, modificada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 10 de decembro de 2015 a Sra. Mercedes Domínguez Martínez, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 2 de outubro de 2012 redactado por Manuel Peleteiro Bandín.

8.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A ESCRITO PRESENTADO POLA ENTIDADE TALLERES BAÑA, S.L. POLA QUE RENUNCIA AO EXPEDIENTE DE CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN DE MAQUINARÍA PRESENTADO NA DATA 4 DE MAIO DE 2017.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de edificación destinada a parque de maquinaria agrícola.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Ordinaria e Solo Rústico de Protección Forestal.

REFª CATASTRAL: 15074A037004150000KG.

SITUACIÓN: "Redondos" lugar de A Carballa s/n, Palmeira, Riveira.

PROMOTOR/A: TALLERES BAÑA S.L. (CIF B.15.236.672)

PROXECTO INICIAL: Proxecto Básico e de Execución de xaneiro de 2017.

AUTOR/A PROXECTO INICIAL: Sr. Juan Manuel Hermida Vázquez perito agrícola, (col. nº 876).

PROXECTO: Proxecto para construción de un galpón para almacén de maquinaria visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 3 de agosto de 2017.

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Francisco A. Fragozo Pena.

OFICIOS: Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 3 de agosto de 2017.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 120.918,14 €.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL VALORACIÓN SEGUNDO INFORME ARQUITECTO MUNICIPAL: 247.736.99 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Pola entidade TALLERES BAÑA, S.L. en escritos rexistrados de entrada nas datas 4 e 5 de maio de 2017, (Rexistros de entrada nº 7.241 e 7.294), solicitábase licenza de obra para construción de galpón para parque de maquinaria, en parcela con refª catastral nº 15074A037004150000KG sita en "Redondos" lugar de A Carballa s/n, Palmeira, Riveira achegándose "Proxecto Básico e de Execución de construción de galpón para parque de maquinaria agrícola" de xaneiro de 2017 redactado polo perito agrícola Juan Manuel Hermida Vázquez (col. nº 876).

SEGUNDO.- O Arquitecto Técnico Municipal Sr. Jesús García Ramos emite novo informe técnico na data 11 de setembro de 2017 no que analiza en sentido favorable o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei do Solo de Galicia, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro e do Planeamento Municipal, co seguinte tenor literal.





TERCEIRO.- O Técnico de Administración Xeral Urbanismo José Martínez De Llano Orosa emite informe-proposta de resolución desfavorable na 20 de outubro de 2017.

CUARTO.- Por último a entidade TALLERES BAÑA S.L. presenta en escrito rexistrado de entrada na data 7 de novembro de 2017, (Rexistros de entrada nº 17.741), a renuncia expresa da solicitude de construción de galpón para parque de maquinaria presentada en escritos rexistrados de entrada nas datas 4 e 5 de maio de 2017, (Rexistros de entrada nº 7.241 e 7.294).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 94 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas establece que:

1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude o, cando elo non esté prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Si o escrito de iniciación se houbera formulado por dous o mais interesados, o desistimento ou a renuncia sóo afectará a aqueles que a houbesen formulado.

3. Tanto o desistimento como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, habéndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen éstos a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados do desistimento.

5. Si a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interés xeral o fora conveniente sustanciarla para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos do desistimento ou a renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.

Polo anteriormente exposto, vista a renuncia expresa presentada pola entidade TALLERES BAÑA S.L. en escrito rexistrado de entrada na data 7 de novembro de 2017, (Rexistros de entrada nº 17.741), e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/11/2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- ACEPTAR A RENUNCIA da solicitude de licenza urbanística municipal de obra presentada pola entidade TALLERES BAÑA S.L., para construción de galpón para parque de maquinaria, en parcela con refª catastral nº 15074A037004150000KG sita en "Redondos" lugar de A Carballeira s/n, Palmeira, Riveira, **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados segundo o disposto pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE ORDE DE EXECUCIÓN DE OBRAS POR MOTIVO DE SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO (OES 2/17).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano.

REFª CATASTRAL: 0718005NH0101N0001LF.

SITUACIÓN: Rúa Alexandre Bóveda nº 7, Riveira.

INTERESADO/A COLINDANTE: Sra. Juana Vidal Pérez, representante Sra. María Elena Novo Vidal (D.N.I. 32.423.390-Z).

INTERESADO/A - PROPIETARIO/A: Sra. Josefa González Lustres.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Como consecuencia do escrito presentado pola Sra. María Elena Novo Vidal en escrito rexistrado de entrada na data 24 de abril de 2017, (Rexistro de entrada nº 6.696), o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño xirou visita de inspección na data 25 de abril de 2017 ao edificio sito na Rúa Alexandre Bóveda nº 7 en parcela con refª catastral nº 0718005NH0101N0001LF, para comprobar o estado no se atopaba o edificio propiedade da Sra. Josefa González Lustres tras o incendio recentemente acontecido, tras a que emite informe na data 25 de abril de 2017 co seguinte teor literal:

"
(...)

ASUNTO: INFORME SOBRE AS OBRAS DE PROTECCIÓN PROVISIONAL DO EDIFICIO Nº 7 DA RÚA ALAXANDRE BÓVEDA, CON MOTIVO DUN RECENTE INCENDIO SUFRIDO SOBRE O MESMO E QUE O DEIXOU EN ESTADO DE TOTAL RUINA E DE AMEAZA E PERIGOSIDADE SOBRE A SAÚDE PÚBLICA DOS VIANDANTES, E MESMO SOBRE AS EDIFICACIÓN COLINDANTE.

INTERESADO: ALCALDÍA
PROPIEDAD: JOSEFA MARÍA GONZALEZ LUSTRES.

INTERESADA: MARÍA ELENA NOVO VIDAL (propietaria da vivenda colindante e afectada polo incidente)

ANTECEDENTES:

1. Pasado 5 de abril deste ano prodúxose un incendio no interior do citado edificio, e propiedade de **dona Josefa María González Lustres**. Puido comprobarse na visita realizada, xa despois da intervención do corpo de Bombeiros, o estado preocupante do edificio e mesmo se deron, por parte deste técnico municipal, unha serie de indicacións de cara a manter unhas condicións de seguridade mínimas. Acompañamos ficha catastral do inmovble. DOC. ANEXO Nº 1.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego


2. O edificio, e por mor do incendio perdeu a cuberta, así como os forxados de madeira; quedando os muros de mampostería sen a menor garantía de seguridade, posto que a estrutura horizontal (vigas que soportan o forxado e a cuberta) fan as veces de trabazón e arriostramento dos mesmos, conferíndolle aos muros de carga unha estabilidade absoluta. Deste xeito os muros carecen de toda garantía de cara a súa estabilidade, poñendo en perigo a edificación colindante (*), e supoñendo unha seria ameaza sobre a seguridade vial sobre a rúa á que da fronte (Alexandre Bóveda).
3. En relación coas medidas tomadas pola brigada local de obras, mencionar que se realizaron as seguintes tarefas:
 - a.- Reirada de restos de tellas que coroan a cornisa que da fronte á rúa.
 - b.- Retirada parcial de restos de cascallos procedentes do desplome de elementos construtivos sobre a rúa.
 - c.- Demolición parcial de muro de fábrica de ladrillo lateral, que amosaba unha grave ameaza de derrubamento.
 - d.- Valado de protección sobre a fronte do inmovible, deixando a rúa cortada ao tráfico, e de xeito parcial ao paso de transeúntes sobre unha banda de seguridade prudente. A día de hoxe o valado mantense, por razóns de seguridade, e mentres non se adopten pr parte da propiedade as medidas precisas, e que por outra banda, son obxecto do presente informe e da conseguinte orde de execución.
4. Con data de 24.04.2017 ten entrada neste rexistro escrito presentado pola propietaria da edificación colindante; **dona Elena Novo Vidal**, manifestando unha serie de cuestións e incidencias, que afectan ao estado do edificio da súa propiedade, e derivadas do incendio sucedido recentemente sobre a vivenda coa que comparte arrimo. No presente escrito solicita se adopten as medidas precisas de seguridade e, como parte interesada no expediente administrativo, se lle de coñecemento das actuacións e resolucións se adopten por esta Alcaldía ao respecto.
5. A tenor do estado de inestabilidade que amosa o edificio, a situación de ameaza de perigo conseguinte sobre as inmediacións do inmovible (rúa), así como os efectos perxudiciais se puideran producir sobre a edificación colindante, amén do preocupante estado de insalubridade e ameaza sobre o ornato público, deberanse de asumir por parte da propiedade unha serie de medidas de cara a repoñer as condicións de ornato, salubridade, e mesmo garantir unhas condicións de seguridade e de estabilidade mínimas sobre os restos do edificio que se manteñan en pé.
6. Ver fotos que se acompañan ao presente informe. DOC. ANEXO Nº 2.

INFORME:

1.- A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece no seu artigo 20 ("Deberes dos propietarios de solo urbano consolidado"), e concretamente do seu apartado e) o seguinte:

.-Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións impostas no artigo 135, que non son outras e de acordo co exposto no seu apartado c), que o de conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

2.- Tendo en conta o estado da actual edificación - que contravén tanto as condicións de ornato esixibles, e que supón unha seria ameaza constante sobre a saúde pública, e mesmo sobre a integridade e estado de conservación do edificio colindante; procede impor ao propietario un





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

inmable a obriga de realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento as obrigas que establece o citado artigo 20 desta Lei.

3.- ORDES DE EXECUCIÓN.

O artigo 136, apartado 1: Os Concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia aos interesados, ditarán ordes e execución que obriguen aos propietarios de bens inmobles a realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no xa citado artigo 135 desta Lei.

Apartado 2. As ordes de execución deberán conter a determinación concreta das obras que hai que realizar conforme ás condicións establecidas nesta Lei ou no planeamento urbanístico. Así mesmo, deberán de fixar o prazo para o cumprimento voluntario polo propietario do ordenado, que se determinará en razón directa da importancia, volume e complexidade das obras que hai que realizar.

Por todo anterior **proponse:**

Incoar o correspondente expediente, de acordo co establecido ao respecto polo artigo 199 da LOUG/"Deber de conservación e ordes de execución", e previa audiencia dos interesados, das obras necesarias para o cumprimento daquelas condicións, indicando un prazo para a súa realización e que para o caso de que non se cumprise o ordenado a Administración municipal procederá á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 €, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75% do custo de reposición da edificación ou nunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

4.- OBRAS e TAREFAS A REALIZAR. PRAZO ESTIMADO E IMPORTE DAS.

a.- No presente caso urxe evitar que o deterioro da actual edificación que da fronte á rúa Alexandre bóveda, e se siga deteriorando, ou canto menos o deterioro da mesma veña ameazando a saúde pública dos viandantes, e mesmo dos vehículos que ocasionalmente se poidan ver afectados. Aos efectos proponse por parte deste técnico realizar as seguintes obras, a saber:

1.- Retirada da totalidade dos escombros que se atopan no interior da edificación e froito do colapso provocado polo incendio.

2.- Retirada dos muros transversais de fábrica de ladrillo e do tiro da cheminea, toda vez que os mesmos non amosan un estado de estabilidade inaceptables e inquietante, así como o conseguinte apuntalamiento preventivo preceptivo (tornapuntas ou puntais de reforzo).

3.- Retirada dos "cascallos" e restos de cobertura sobre a coroación dos muros de mampostería, coa finalidade de evitar desplomes agresivos e perigosos. Conseguinte tratamento con morteiro de cemento dos mesmos, coa finalidade de evitar o presumible deterioro efectivo e inminente, a provocar polas inclemencias meteorolóxicas.

4.- Consolidación parcial (parches) sobre a cara interior dos muros, e a executar con morteiro de cemento; toda vez que se detectan puntos débiles sobre os mesmos (ocos provocados polo colapso estrutural e da propia tabiquería, mechinais valeiros, pequenos derrubamentos de tramos de mampostería).

5.- Tapiado dos ocos exteriores, que se corresponden coas portas e ventanais; xa inexistentes e que dan á vía pública, coa finalidade de manter unhas condicións de ornato e salubridade mínimas esixibles.

6.- Garantizar a estabilidade das fachadas mediante vigas portantes, xa sexan metálicas ou de madeira, e coas escuadrías apropiadas, a fin de evitar o deslome e deformación das





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

mesmas, garantindo tamén a estabilidade da medianera en contacto coa vivenda propiedade de dona maría Elena Novo Vidal (nº 9 da rúa Alexandre Bóveda). Acompañamos a modo de exemplo imaxe de solución estrutural de estabilización de muros libres, como consecuencia do vaciado interior do edificio, como no caso que nos ocupa.

b.- O importe das obras a realizar ascende á cantidade aproximada de 25.000 euros.

c.- O prazo estimado para a realización das obras, dada a natureza e a contía das mesmas, non excederá de DOUS (2) MESES.

É canto teño a ben informar e propor en Riveira, a 25 de abril de 2017.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño.
Arquitecto municipal.

Acompañamos:

Ficha catastral do inmovible.

Fotografía recente das fachadas do edificio.

Escrito de dona María Elena Novo Vidal, en calidade de interesada

(...)

“

SEGUNDO.- Como consecuencia do anterior, por Decreto de Alcaldía de data 5 de xuño de 2017 incoábase **EXPEDIENTE DE ORDE DE EXECUCIÓN** á Sra. Josefa González Lustres na súa condición de titular da edificación sita na Rúa Alexandre Bóveda nº 7 en parcela con refª catastral nº 0718005NH0101N0001LF, **CO FIN DE QUE COA MÁXIMA URXENCIA RESTITÚA AS CONDICIÓNS DE SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO DO REFERIDO MURO.**

TERCEIRO.- A notificación do citado Decreto practicouse á Sra. Josefa González Lustres na data 10 de outubro de 2017 e á Sra. María Elena Novo Vidal como representante da Sra. Juana Vidal Pérez na data 17 de xuño de 2017.

CUARTO.- En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do Decreto de inicio da orde de execución, emprazouse ás interesadas para o trámite de audiencia.

QUINTO.- Notificado este emprazamento á Sra. María Elena Novo Vidal como representante da Sra. Juana Vidal Pérez presenta en escrito rexistrado de entrada na data 14 de xullo de 2017, (Rexistro de entrada nº 12.235), alegacións solicitando a inclusión de realización de obras sinalados polo pérto da compañía aseguradora Plus Ultra.

SEXTO.- En relación a alegación da Sra. María Elena Novo Vidal como representante da Sra. Juana Vidal Pérez, o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite novo informe técnico na data 17 de novembro de 2017 co seguinte tenor literal:





"
(...)

ASUNTO: INFORME SOBRE A ALEGACIÓN PRESENTADA NO EXPEDIENTE DE ORDEN DE EXECUCIÓN (EXPEDIENTE: OES 2/2017).

PROPIEDAD: JOSEFA MARÍA GONZALEZ LUSTRES.

INTERESADA: MARIA ELENA NOVO VIDAL (ALEGANTE).

ANTECEDENTES:

1.- Con data de 5 de xuño de 2017 e mediante Decreto de Alcaldía iníciase expediente de orden de execución de obras por motivo de seguridade, salubridade e ornato público (OES 2/2017), e a partires do informe deste técnico municipal de data de 25.04.2017. Dase traslado do inicio do expediente e a petición desta e en calidade de interesada, a dona Elena Novo Vidal.

2.- Dona Elena Novo Vidal, en calidade de interesada e representante da propiedade colindante á edificación obxecto do citado expediente disciplinario, presenta alegación con data de 14.07.2017 (n.r.e.: 12235), e na que se solicita se adopten as medidas formuladas no informe do perito da súa compañía aseguradora.

3.- Que unha vez estudado o contido de dita alegación, teño a ben de concluír o seguinte:

a.- As obras descritas no meu informe de data de 25.02.2014 teñen como finalidade definir as obras de carácter provisional, e de cara a garantir as condicións mínimas esixibles de seguridade, así como garantir as condicións mínimas de salubridade e ornato público. Non teñen aquí cabida outro tipo de intervencións que puideran derivar de relacións entre propiedades e concernentes ao ámbito privativo ou civil. Polo que entendo que as obras aquí descritas, e a asumir pola propiedade, son as precisas e necesarias de cara a responder ao obxecto da presente orden de execución, polo que reafirmo con contido do citado informe, e querendo facer fincapé no exposto no seu apartado 4, e que a continuación se reproduce:

"....

4.- OBRAS e TAREFAS A REALIZAR. PRAZO ESTIMADO E IMPORTE DAS.

a.- No presente caso urxe evitar que o deterioro da actual edificación que da fronte á rúa Alexandre bóveda, e se siga deteriorando, ou canto menos o deterioro da mesma veña ameazando a saúde pública dos viandantes, e mesmo dos vehículos que ocasionalmente se poidan ver afectados. Aos efectos propónse por parte deste técnico realizar as seguintes obras, a saber:

1.- Retirada da totalidade dos escombros que se atopan no interior da edificación e froito do colapso provocado polo incendio.

2.- Retirada dos muros transversais de fábrica de ladrillo e do tiro da cheminea, toda vez que os mesmos non amosan un estado de estabilidade inaceptables e inquietante, así como o conseguinte apuntalamiento preventivo preceptivo (tornapuntas ou puntais de reforzo).

3.- Retirada dos "cascallos" e restos de cobertura sobre a coroación dos muros de mampostería, coa finalidade de evitar desplomes agresivos e perigosos. Conseguinte tratamento con morteiro de cemento dos mesmos, coa finalidade de evitar o presumible deterioro efectivo e inminente, a provocar polas inclemencias meteorolóxicas.





4.- Consolidación parcial (parches) sobre a cara interior dos muros, e a executar con morteiro de cemento; toda vez que se detectan puntos débiles sobre os mesmos (ocos provocados polo colapso estrutural e da propia tabiquería, mechinais valeiros, pequenos derrubamentos de tramos de mampostería).

5.- Tapiado dos ocos exteriores, que se corresponden coas portas e ventanais; xa inexistentes e que dan á vía pública, coa finalidade de manter unhas condicións de ornato e salubridade mínimas esixibles.

6.- Garantizar a estabilidade das fachadas mediante vigas portantes, xa sexan metálicas ou de madeira, e coas escuadrías apropiadas, a fin de evitar o deslome e deformación das mesmas, garantindo tamén a estabilidade da medianera en contacto coa vivenda propiedade de dona María Elena Novo Vidal (nº 9 da rúa Alexandre Bóveda). Acompañamos a modo de exemplo imaxe de solución estrutural de estabilización de muros libres, como consecuencia do vaciado interior do edificio, como no caso que nos ocupa."

CONCLUSION:

A tenor do ata aquí exposto, propónse non aceptar, na súa integridade, a alegación formulada pola interesada.

En Riveira, a 17 de novembro de 2017.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño. Arquitecto municipal.

(...)

"


FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO**.

SEGUNDO.- Establece o artigo 20.e) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo LSG), dentro dos deberes dos propietarios de solo urbano consolidado, o de conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións impostas no artigo 135 da presente Lei.

TERCEIRO.- O artigo 135 da LSG co título deberes de uso, conservación e rehabilitación, dispón no apartado c) que os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

CUARTO.- O artigo 136 da LSG establece que os Concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia aos interesados, ditarán ordes e execución que obriguen aos propietarios de bens inmobles a, realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior desta Lei.





As ordes de execución deberán conter a determinación concreta das obras que hai que realizar conforme ás condicións establecidas nesta Lei ou no planeamento urbanístico. Así mesmo, deberán de fixar o prazo para o cumprimento voluntario polo propietario do ordenado, que se determinará en razón directa da importancia, volume e complexidade das obras que hai que realizar.

As obras executaranse á custa dos propietarios se están dentro do límite do deber de conservación que lles corresponde, e con cargo aos fondos da entidade que a ordene cando o supere para obter melloras de interese xeral.

No caso de incumprimento da orde de execución, a administración municipal procedea á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75% do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

A administración municipal tamén poderá acudir á execución subsidiaria, de xeito directo ou a través dun axente edificador con capacidade e compromiso suficiente para asumir as responsabilidades previstas neste artigo, coa obriga de solicitar licenza de obra no prazo de tres meses, contados desde a data na que resulta a dispoñibilidade do terreo e tras a correspondente expropiación deste.

QUINTO.- O artigo 332 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro co título deberes de uso, conservación e rehabilitación, establece que:

1. Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:

a) Empezar a edificación ou rehabilitación nos termos e prazos establecidos na lexislación vixente. O deber de edificar inclúe o deber dos propietarios de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza (artigo 135.1.a) da LSG).

b) Destinalos aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística (artigo 135.1.b) da LSG).

c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles (artigo 135.1.c) da LSG).

d) Realizar os traballos e as obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos nas normas legais que lles sexan exixibles en cada momento (artigo 135.1.d) da LSG).

e) Realizar obras adicionais por motivos turísticos ou culturais ou para a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano (artigo 135.1.e) da LSG).

Estas obras poderán consistir na renovación ou reforma de fachadas ou espazos visibles desde a vía pública, debendo fixar a Administración, de maneira motivada, o nivel de calidade que deba ser alcanzado para cada unha delas.

2. O deber de conservación a cargo dos propietarios alcanza ata o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmovible de nova planta, equivalente ao orixinal en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, de ser o caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio (artigo 135.2 da LSG).



3. As obras executaranse á custa dos propietarios se están dentro do límite do deber de conservación que lles corresponde, e con cargo aos fondos da entidade que a ordene cando o supere para obter melloras de interese xeral (artigo 136.3 da LSG).

4. Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e, se é o caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente (artigo 135.3 da LSG).

O cumprimento destes deberes non eximirá das normas adicionais de protección que estableza a normativa aplicable.

SEXTO.- O artigo 333 co título obxecto das ordes de execución establece que os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo da audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior (artigo 136.1.a) da LSG).

b) Realizar as actuacións necesarias para adaptar as edificacións e construcións ao contorno, segundo o establecido nos artigos 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 216 deste regulamento (artigo 136.1.b) da LSG).

SÉTIMO.- O artigo 334, contido das ordes de execución.

1. As ordes de execución deberán conter a determinación concreta das obras que hai que realizar conforme as condicións establecidas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, ou no planeamento urbanístico. Así mesmo, deberán fixar o prazo para o cumprimento voluntario polo propietario do ordenado, que se determinará en razón directa da importancia, volume e complexidade das obras que hai que realizar (artigo 136.2 da LSG).

A súa execución deberá acordarse da forma menos gravosa para a persoa propietaria.

2. As ordes de execución deberán advertir que o seu incumprimento habilita a Administración municipal para:

a) Executar forzosamente a orde incumprida mediante a imposición de multas coercitivas ou execución subsidiaria.

b) Incluír o inmovible no Rexistro de Soares, no caso de terse constituído.


c) Decretar a aplicación do réxime de venda forzosa.

OITAVO.- O artigo 335 establece o procedemento para ditar ordes de execución do seguinte xeito:

1. Con carácter previo á iniciación do procedemento, o órgano competente poderá levar a cabo as actuacións previas necesarias para coñecer as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

2. Antes de ditar unha orde de execución deberase emitir un informe técnico e xurídico polos servizos municipais e dar audiencia aos interesados.

3. Non se poderá ditar orde de execución sen a autorización previa que resulte preceptiva por razón dos réximes especiais de protección, vinculación ou servidumes legais que afecten o terreo ou inmovible de que se trate, agás no caso das





medidas excepcionais de protección necesarias cando exista perigo inmediato de que se poidan producir danos ás persoas ou perigo inminente de derrubamento da edificación.

4. O prazo máximo para ditar e notificar a orde de execución será de seis meses desde o acordo da súa iniciación de oficio ou, no caso de iniciarse por solicitude de persoa interesada, desde a recepción da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Transcorrido o prazo indicado sen que se notificase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen prexuízo de poder iniciarse un novo procedemento no caso de persistir o obxecto que motivou a tramitación do expediente. Nos procedementos tramitados por solicitude de persoa interesada, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución expresa lexítima o interesado ou interesados que deducisen a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo.

5. A emisión das ordes de execución non exime da obriga de obter o título habilitante municipal que resulte preceptivo en función da actuación que se teña que desenvolver.


NOVENO.- O artigo 336, co título executividade e execución forzosa das ordes de execución establece que.

1. As ordes de execución son executivas desde o momento en que se ditan. Efectuada a advertencia previa e transcorrido o prazo de execución voluntaria, no caso de persistir o incumprimento da orde de execución, a Administración municipal procederá á execución forzosa, respectando o principio de proporcionalidade, mediante execución subsidiaria ou mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75 % do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

2. A imposición das multas coercitivas reiterarase ata lograr a completa execución do ordenado, salvo que a Administración competente opte, en calquera momento, pola execución subsidiaria.

3. A Administración municipal tamén poderá acudir á execución subsidiaria, de xeito directo ou a través dun axente edificador con capacidade e compromiso suficiente para asumir as responsabilidades previstas no artigo 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, coa obriga de solicitar licenza de obra no prazo de tres meses, contados desde a data na que estea resolta a dispoñibilidade do terreo e tras a correspondente expropiación deste (artigo 136.5 da LSG).

A execución subsidiaria será a cargo da persoa obrigada, sen prexuízo do previsto no artigo 332.3, isto é, só no caso de que as actuacións de obrigado cumprimento estivesen dentro do límite do deber de conservación que lles corresponde. Antes de executar materialmente os actos que fosen ordenados, poderá liquidarse provisionalmente o importe dos gastos, danos e perdas que se teñan que soportar previsiblemente, con vistas á súa liquidación definitiva. Cando a persoa obrigada non satisfaga voluntariamente as cantidades líquidas ás que está obrigada, exixiranse pola vía de constrinximento.





Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico emitidos polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño nas datas 25 de abril de 2017, vista a alegación da Sra. María Elena Novo Vidal como representante da Sra. Juana Vidal Pérez presenta en escrito rexistrado de entrada na data 14 de xullo de 2017, (Rexistro de entrada nº 12.235), visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 17 de novembro de 2017, vistos os artigos 136 e 137 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, visto os artigos 333 a 337 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/11/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- ORDENAR á Sra. Josefa González Lustres na súa condición de titular da edificación sita na Rúa Alexandre Bóveda nº 7 en parcela con refª catastral nº 0718005NH0101N0001LF, **A RESTITUCIÓN DAS CONDICIÓN DE SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO**, para o que deberá executar a:

- *Retirada da totalidade dos escombros que se atopan no interior da edificación e froito do colapso provocado polo incendio.*
- *Retirada dos muros transversais de fábrica de ladrillo e do tiro da cheminea, toda vez que os mesmos non amosan un estado de estabilidade inaceptables e inquietante, así como o conseguinte apuntalamiento preventivo preceptivo (tornapuntas ou puntais de reforzo).*
- *Retirada dos "cascallos" e restos de cobertura sobre a coroación dos muros de mampostería, coa finalidade de evitar desplomes agresivos e perigosos. Conseguinte tratamento con morteiro de cemento dos mesmos, coa finalidade de evitar o presumible deterioro efectivo e inminente, a provocar polas inclemencias metereolóxicas.*
- *Consolidación parcial (parches) sobre a cara interior dos muros, e a executar con morteiro de cemento; toda vez que se detectan puntos débiles sobre os mesmos (ocos provocados polo colapso estrutural e da propia tabiquería, mechinais valeiros, pequenos derrubamentos de tramos de mampostería).*
- *Tapiado dos ocos exteriores, que se corresponden coas portas e ventanais; xa inexistentes e que dan á vía pública, coa finalidade de manter unhas condicións de ornato e salubridade mínimas esixibles.*
- *Garantizar a estabilidade das fachadas mediante vigas portantes, xa sexan metálicas ou de madeira, e coas escuadrías apropiadas, a fin de evitar o deslome e deformación das mesmas, garantindo tamén a estabilidade da medianera en contacto coa vivenda propiedade de dona María Elena Novo Vidal (nº 9 da rúa Alexandre Bóveda).*





SEGUNDO.- A orde de execución deberá de ser executada no prazo de tres meses a contar desde a notificación da presente resolución, debendo solicitar con carácter previo a preceptiva licenza de obra que ampare as actuacións descritas.

TERCEIRO.- No caso de incumprimento da orde de execución, a administración municipal procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75% do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.

A administración municipal tamén poderá acudir á execución subsidiaria, de xeito directo ou a través dun axente edificador con capacidade e compromiso suficiente para asumir a responsabilidades previstas neste artigo, coa obriga de solicitar licenza de obra no prazo de tres meses, contados desde a data na que resulta a dispoñibilidade do terreo e tras a correspondente expropiación deste.

CUARTO.- O disposto anteriormente exposto, entenderase sin perxuício das responsabilidades penais, civís e administrativas a que houbera lugar.

QUINTO.- NOTIFICAR a presente resolución aos interesados entendendo como tal á Sra. Josefa González Lustres como propietaria da edificación obxecto deste expediente sita na Rúa Alexandre Bóveda nº 7, Riveira, así como a Sra. María Elena Novo Vidal como representante da Sra. Juana Vidal Pérez como propietaria da edificación colindante sita na Rúa Alexandre Bóveda nº 5, Riveira, en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Juan Lustres Lampón**, de data 16/11/2017 (Rexistro de entrada nº 18.229), no que solicita certificación de que a parcela, que se delimita no plano que se achega, sita no lugar de Deán Grande (Riveira), duns 85 m² aproximadamente, que linda, Norte, parcela 898; Sur, camiño e parcela 016; Leste, parcelas 899 e 016; e Oeste, parcela 897, non está incluída dentro do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Riveira, nin é de Titularidade, nin uso público.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 23/11/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Da consulta dos arquivos municipais se informa que dita parcela non se encontra incluída no Inventario de Bens Municipal, no cal se reflicten os bens e espazos de titularidade municipal, polo que non consta dun modo fehaciente un uso público.





Achégase copia selada da parcela á que se refire a presente certificación.

2.- Visto o escrito presentado por **Dolores Sampedro Rego**, de data 02/11/2017 (Rexistro de entrada nº 17.517), no que solicita certificación de que non existe expediente de disciplina urbanística sobre edificación situada en Rúa da Praia, nº 22 (Aguiño).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 21/11/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración dende o 1 de xaneiro de 2000 ata o día da data, infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita na Rúa da praia nº 22, Aguiño, Riveira, propiedade da Sra. Sra. Dolores Sampedro Rego, (DNI 33.152.208-P).

3.- Visto o escrito presentado por **Dolores Rey Sampedro**, de data 02/11/2017 (Rexistro de entrada nº 17.516), no que solicita certificación de que non existe expediente de disciplina urbanística sobre edificación situada en Rúa da Praia, nº 15 (Aguiño).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 21/11/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración dende o 1 de xaneiro de 2000 ata o día da data, infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita na Rúa da praia nº 15, Aguiño, Riveira, propiedade da Sra. Dolores Rey Sampedro, (DNI 52.450.119-E)

4.- Visto o escrito presentado por **Vicenta González Sampedro**, de data 17/11/2017 (Rexistro de entrada nº 18.292), no que solicita certificación sobre dominio público de camiño.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 21/11/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:





Se solicita información sobre la titularidad pública de un camino. Consultada la documentación obrante en la Oficina Técnica: Inventario de caminos - nuevo y antiguo-, catastro nuevo y antiguo, planimetría, etc., no se encuentra que sea de titularidad pública.

En la solicitud presentan una fotocopia de una licencia de obra del año 1924 en la cual se autoriza la elevación de la casa (R. Catastral 001101600NH01C0001BM), condicionada a dejar para vía pública entre la casa que va a reedificar y la de Manuel Rivas, (R. Catastral 15074A938008990000UA) lindero Norte según escrituras, un ancho de 250 m en toda su longitud.

Según esto, la Comisión Municipal Permanente de aquel año consideró que había que dejar para vía pública un ancho de 2,50 m entre la finca de la solicitante y la de Manuel Rivas.

Personados los Servicios Técnicos municipales en el supuesto camino, se aprecia que en él existen servicios municipales, tales como agua y electricidad. También está abierta una entrada a la finca de la solicitante a través del camino en cuestión.

Consultado el departamento de urbanismo y obras, se encuentra que en el año 2016 se solicitó un vado permanente a nombre de D^a M^a del Pilar Davila González para la finca (R. Catastral .15074A938008990000UA) frente al camino. Se le pidieron las escrituras de propiedad, y en ellas linda, frente y derecha entrando, con camino del lugar.

Según todos los indicios aportados, y a pesar de no estar incluido en el Inventario de bienes Municipales, parece que no hay duda del carácter público y de pies del camino.

5.- Visto o escrito presentado por Unión Fenosa Distribución, S.A., de data 30/10/2017 (Rexistro de entrada nº 17.390), no que solicita información urbanística sobre parcelas sitas en Queimadoiros - Artes.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 13/11/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

O obxecto do informe é establecer a clasificación das citadas parcelas según a normativa de aplicación. As parcelas están clasificadas polo PXOM de Riveira como solo de NÚCLEO RURAL

6.- Visto o escrito presentado por Jesús María Alonso Fernández, de data 15/11/2017 (Rexistro de entrada nº 18.167), no que solicita información urbanística sobre parcela sita en Rúa do Porto, nº 39 - Corrubedo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 17/11/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:





Ref. catastral: 4237901MH9143N0001GZ

ANTECEDENTES.

A presente construción sobre a que se pretende intervir está dentro da zona de servidume de protección (solo urbano/20 metros) do dominio público marítimo terrestre, e fachada sur da mesma; pola servidume de tránsito (6 m), polo que resulta preceptivo o informe favorable do organismo titular correspondente (Costas do Estado), de acordo co establecido ao respecto polo artigo 167 do PXOM.

E xa desde o punto de vista urbanístico, que é a finalidade do presente informe, debemos de sinalar o que se expón a continuación.

SITUACIÓN URBANÍSTICA E ORDENANZA DE APLICACIÓN.

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado con carácter definitivo en data de 23 de decembro de 2002, e ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

- 1) A presente parcela atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T. Seralle de aplicación a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.
- 2) Debemos de advertir que a parcela atópase dentro da delimitación do PERI-2 (PERI de Corrubedo). Establece o presente PXOM, no seu artigo 149, que mentres non se desenvolva o preceptivo PERI, seralle de aplicación, e de xeito transitorio, a ordenanza nº 4 do mesmo.
- 3) A ordenanza nº 4 do PXOM: “Residencial media, vivenda colectiva agrupada”, establece unha serie de parámetros urbanísticos de uso e edificatorios, e entre os mais significativos están os seguintes:
 - .- Uso característico: vivenda colectiva e unifamiliar.
 - .- Parcela mínima: 50 m².
 - .- Fronte mínima: 6 metros.
 - .- Fondo máximo edificable: 14 metros.
 - .- Altura de edificación: B + 2P + BC, e limitada polo ancho da rúa, con remisión ao artigo 93 do PXOM: “Altura da edificación”.
 - O citado artigo 93 para o presente caso - via menor de 6 metros de ancho – establece o seguinte número de alturas: B+ 1P + BC.
 - .- Altura de coronación: 4 metros, medidos sobre a cara superior do último forxado.





7.- Visto o escrito presentado por **Luisa María Martínez Arias**, de data 10/10/2017 (Rexistro de entrada nº 16.283), no que solicita certificación urbanística de parcela con referencia catastral 15074A019013930000KM.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Aparellador Municipal, **Jesús García Ramos**, de data 20/10/2017, por unanimidade dos membros presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Según la Disposición Transitoria Primera de la LEI 2/2016, do 10 de febreiro, del suelo de Galicia se establece que el PXOM de Riveira, aprobado definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de esta ley y no adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, conservará su vigencia hasta su revisión o adaptación a ella según las siguientes reglas:

- a) Al suelo urbano consolidado, integrado por los terrenos que reúnan a condición de solar o que, por su grado de urbanización efectiva y asumida por el planeamiento urbanístico, puedan adquirir dicha condición mediante obras accesorias y de escasa entidad que puedan ejecutarse simultáneamente con las de edificación se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo urbano consolidado.

Los propietarios de solo urbano tienen el derecho de completar la urbanización de los terrenos para que adquieran la condición de solar y a edificar estos en las condiciones establecidas en la LEI 2/2016 y en el planeamiento aplicable y, cuando proceda, participar en la ejecución de actuaciones de transformación urbanística en un régimen de justa distribución de beneficios e cargas.

Los propietarios de suelo urbano consolidado tienen los siguientes deberes:

- a) Ceder gratuitamente a la administración titular de la vía los terrenos destinados a viales fuera de las alineaciones establecidas en el planeamiento cuando pretendan parcelar, edificar o rehabilitar integralmente.

- b) Completar por su cuenta la urbanización necesaria para que los terrenos alcancen, si aún no la tienen, la condición de solar, en los supuestos de edificar o rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán los costes de urbanización precisos para completar os servicios urbanos e ejecutar las obras necesarias para conectar con las redes de servicios y viaria en funcionamiento.

REQUISITOS DE LA PARCELA:

Tendrán la condición de solar las superficies de suelo urbano legalmente divididas y aptas para la edificación que cuenten con acceso por vía pública pavimentada y servicios urbanos de abastecimiento de agua potable, evacuación de aguas residuales a la red de saneamiento, suministro de energía eléctrica y iluminación pública, en condiciones de caudal y potencia adecuadas para los usos permitidos. Se existe planeamiento, además de lo anterior, deberán estar urbanizadas de acuerdo con las alineaciones y rasantes de todas las vías a las que den frente.

CONDICIONES DE EDIFICACIÓN PARA PARCELAS QUE ALCANCEN LA CONDICIÓN DE SOLAR:

Las construcciones e instalaciones deberán adaptarse al ambiente en el que estén situadas, y para tal efecto:

- a) Las construcciones en lugares inmediatos a un edificio o a un conjunto de edificios de carácter histórico o tradicional deberán armonizar con él.



b) En los lugares de paisaje abierta o natural, o en las perspectivas que ofrezcan los conjuntos urbanos de características históricas o tradicionales y en las inmediaciones de las carreteras o caminos de trayecto pintoresco, no se permitirá que la situación, masa o altura de las construcciones, muros y cerramientos, o la instalación de otros elementos, limiten el campo visual para contemplar las bellezas naturales, rompan la armonía del paisaje, desfiguren la perspectiva propia de ella o limiten o impidan la contemplación del conjunto.

c) La tipología de las construcciones y los materiales y colores empleados deberán favorecer la integración en el contorno inmediato y en el paisaje.

d) Las construcciones deberán presentar todos sus paramentos exteriores y cubiertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida la publicidad estática que por sus dimensiones, localización o colorido no cumpla las anteriores prescripciones.

